



## UNHA BOA MORTE PARA TOD@S

O programa **UNHA BOA MORTE PARA TOD@S** ten como obxectivo servir de apoio ás persoas que se atopan coa etapa final da vida. Trátase de engadir calidade e, na medida do posible, alivio, no proceso de morte da persoa que se vai, e no de dó daquelas que quedan.

Para alcanzar este obxectivo desenvolvemos un programa que nas súas tres áreas contribúa a protexer a autonomía persoal nun futuro, pero certo, final da vida.

### INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO

Para toda a cidadanía interesada en recibir información, orientación e asesoramento en temas relacionados co proceso de morte.

### FORMACIÓN

Para profesionais sanitarios, cuidadores e todas aquelas persoas interesadas en formarse sobre temas relacionados co proceso de morte.

### ASISTENCIAL

Acompañamento a todas as persoas que o soliciten, en proceso ou con perspectivas de morte, no domicilio ou no hospital. Servizo de apoio no cumprimento de últimas vontades e soños para persoas no proceso final da vida.

### UNHA BOA MORTE PARA TOD@S

A Fundación Eomaia é unha entidade prestadora de servizos da Xunta de Galicia.

O programa de **UNHA BOA MORTE PARA TOD@S** está cofinanciado pola Deputación de A Coruña.

Máis información nos teléfonos:  
**881 973 068 / 658 799 470**  
no correo electrónico:  
[eomaia@paradoxahumana.org](mailto:eomaia@paradoxahumana.org)  
na páxina web:  
[fundacioneomaia.org/a-boa-morte](http://fundacioneomaia.org/a-boa-morte)



### Fundación Eomaia

O noso obxectivo social é a procura da calidade de vida, a igualdade de oportunidades no acceso ao benestar e á participación social, a total integración social de todos os colectivos, a conciliación familiar, o empoderamento da muller, o desenvolvemento persoal e a mellora da saúde.

Os nosos valores fundamentais son: o respecto a todos os seres, o amor á vida, a sensibilidade, a colaboración, o apoio mútuo e a comunicación e entendemento entre as persoas.

# UNHA BOA MORTE PARA TOD@S

– Fundación Eomaia –

# UNHA BOA MORTE PARA TOD@S

Este servizo ofrécese:

## NO NOSO LOCAL Fundación Eomaia

Rúa Fontiñas, 27 baixo  
Santiago de Compostela.  
Cunha atención persoal e  
individualizada.

É necesario pedir cita previa:

Teléfono 881 973 068  
en horario de 10:00 h a 14:00 h  
e de 17:00 h a 21:00 h.

No caso de urxencias no  
teléfono móbil 658 799 470.

## DE XEITO PRESENCIAL

Acordando o desprazamento ao  
endereço ou lugar onde se atope  
a persoa interesada.

## ATENCIÓN TELEFÓNICA

Teléfono 881 973 068 en horario  
de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a  
21:00 e en caso de urxencias no  
teléfono móbil 658 799 470.

## ON LINE

A través do correo da fundación:  
eomaia@paradoxahumana.org

## ÁREA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO

Servizos de información, orientación  
e asesoramento que lle sirvan a todas  
as persoas para poder decidir como  
queren vivir o seu proceso de morte.

A información abrangue tamén á  
contorna familiar e achegados no  
tempo previo e posterior á morte.

Esta área está indicada para que a  
poboación poida ter acceso a esta  
información en calquera momento  
da súa vida, a calquera idade na que  
apareza a necesidade de reflexionar  
sobre un tema común e que nos atinxen  
a todas/os.

Temática xeral:

- Dereitos sanitarios en xeral e en concreto aqueles que teñan que ver con procesos achegados á morte.
- Coidados paliativos.
- Documento de Instrucións Previas (DIP)
- Fases do proceso que toda persoa atravesará cando sobrevén un acontecemento como a morte. Explicación e detención.
- Recursos dispoñibles para afrontar e paliar o dó.

## ÁREA DE FORMACION

O programa **UNHA BOA MORTE PARA TOD@S** conta cun plan formativo deseñado pola Fundación Eomaia en formato teórico e práctico.

Un plan creado para fornecer formación teórica e práctica a profesionais da sanidade, coidadores/as e poboación en xeral.

Contidos a tratar:

- Antropoloxía histórica da morte e a súa diversidade
- O proceso de morrer; as súas diferentes fases.
- Aspectos psicolóxicos do paciente terminal e o seu entorno
- A comunicación co paciente terminal e o seu entorno
- O autoconecemento como estratexia de afrontamento
- A bioética
- Os dereitos sanitarios
- O Documento de Instrucción Previa (DIP)
- Coidados físicos do paciente terminal
- O falecemento e o dó
- A morte perinatal e neonatal
- A morte nos animais

## ÁREA ASISTENCIAL

Dentro do programa tamén prestamos servizos asistenciais e de acompañamento a enfermos terminais ou con perspectivas de morte, así como ás súas familias.

Esta área está cuberta por enfermeiras, traballadoras sociais, outras/os profesionais e persoas voluntarias que prestan unha asistencia personalizada para cada demanda:

- Acompañamento ou asistencia persoal
- Asistencia domiciliar de enfermería e coidados auxiliares
- Asistencia e acompañamento nos centros residenciais e hospitalarios
- Prestación do servizo "axuda a enfermos terminais a cumprir as últimas vontades e desexos"

